

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA CELEBRACIÓN DO XV ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA formalizou o 13 de xuño de 2025 coa FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL, o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista desde o día da súa sinatura ata o 29 de agosto de 2025, data límite para a realización íntegra das actuacións e cumprimento das obrigacións obxecto do presente convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente Convenio é regular os termos e condicións da colaboración económica da Fundación BS na Actividade que organiza a Fundación Cidade da Cultura do día 24 ao día 28 de agosto de 2025 comprometéndose a Fundación Cidade da Cultura á difusión da colaboración nos termos do presente Convenio.



O XV Encontro de Artistas Novos (EAN) acollerá a 40 artistas emerxentes para que convivan nunha contorna propicia ao intercambio de experiencias e debate ao redor da arte actual. Trátase dun espazo de encontro no que creadores emerxentes terán a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporáneo durante 5 días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais como críticos, comisarios ou art followers. Baixo a dirección e coordinación de Rafael Doutor, durante 5 días as persoas seleccionadas convivirán nunha contorna propicia ao intercambio de experiencias e debate ao redor da arte actual. Trátase dunha oportunidade única onde os seleccionados mediante convocatoria aberta, de acordo coas bases publicadas, terán a posibilidade de realizar unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, entidade cultural que carece de ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución, e que ten entre os seus fins a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.



Pola súa parte, FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL, é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 1994 có gallo de estimular a excelencia e promover o coñecemento e a cultura. Promoven actividades de divulgación, formación e investigación nos ámbitos educativo, científico e cultural, así como apoiar os novos talentos.

Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia recibirá a aportación da FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL de 20.000 para sufragar os gastos de matrícula de inscrición, estancia en réxime de pensión completa, transportes diarios a Cidade da Cultura de Galicia e a las diferentes instituciones culturales que también participan, así como un seguro de cobertura por enfermidades y accidentes.

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA destinará a axuda aos gastos do EAN e publicitará a colaboración.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

